

A Deputación lanza o concurso escolar "Lebres coma Gacelas" en homenaxe a Xela Arias



O certame está dirixido ao alumnado de Secundaria que deberá presentar unha creación artística que fusione poesía e fotografía

De xeito paralelo e complementario á exposición "**Lebres coma Gacelas**", inspirada na obra de Xela Arias que ata o 28 de novembro se pode ver na sede provincial en Vigo, a Deputación vén de lanzar o concurso escolar do mesmo título entre o alumnado de Secundaria da provincia, un certame que se enmarca tamén nas actividades en homenaxe á autora das **Letras Galegas 2021**. O concurso, que busca achegar a figura e o legado de Arias ao público máis novo amais de fomentar a súa creatividade une, como no caso da mostra, poesía e fotografía e premiará tanto aos é ás estudantes como aos centros onde estudan.

Para participar, o alumnado de Secundaria dos centros de ensino da provincia deberá realizar creacións artísticas (unha por autor/a) que combinen fotografías e poesías inéditas. Unha persoa responsable do centro educativo, unha mestra ou un mestre ou a Dirección do centro, presentará cada una das creatividadeas realizadas polos alumnos e alumnas, identificadas co nome, coa idade e co centro da persoa participante. A proposta artística enviarase en formato JPG ou PDF e cunha alta resolución ao correo electrónico: participa.igualdade@depo.gal e o prazo de entrega finalizará o 5 de novembro.

A Deputación reconecerá ao instituto gañador cun mural dedicado a Xela Arias que realizará a artista Tania Solla e unha actividade lúdica e interactiva sobre Xela impartida polo Correo do Vento. Pola súa banda, a moza ou o mozo gañador recibirá unha cámara Polaroid e un agasallo didáctico. Amais, concederanse tamén dous accésit, unha actividade lúdica e interactiva sobre Xela Arias para o centro, mentres que a moza ou o mozo reconecidos con este outro premio recibirán un agasallo didáctico.

<https://www.depo.gal/web/edepo/-/noticia-a-deputacion-lanza-o-concurso-escolar-lebres-coma-gacelas-en-homenaxe-a-xela-arias>

Unen poesía y fotografía en el concurso escolar 'Lebres coma gacelas' que homenajea a Xela Arias - Pontevedra Viva